

Acta reunión grupos de trabajo Monte Alto 25/04/2012

1- Interbarrios, III Xuntanza, protocolo.

Remitímonos á acta da III Xuntanza. No referente ó protocolo: poñerémonos a estudialo despois do 15 de Mayo debido ó aluvión de actividades e convocatorias estes días. Ante a reclamación do Agra, sinalouse que ninguén se lembra de que nos pediran o megáfono. Queda pendiente preguntar a Agra por que finalmente non apoiaron a manifestación pola reapertura da Torre e os traballadores do domingo 22, cando na IB anterior se acordou que a Rede se ceñía ó que decidise neste tema o grupo de Laboral.

2- Ferrol.

O foro intercampadas é en Plaza de Armas ás 11. Se chove en Cantón de Molíns. Da Rede asistirá gran parte da asemblea do Agra, dúas persoas da Ría, e mínimo cinco ou seis persoas de Monte Alto. Redactouse un comunicado para expoñer ante as asembleas do resto de Galicia en que consiste a Rede.

3- Próximas mobilizacións: 29A,1M,12M,15M

- A do domingo 29 sairá ás 12:00 de Praza da Palloza. Convoca UGT-CCOO en defensa dos servizos sociais. Monte Alto acorda acudir como bloque crítico, coa pancarta "- PACTAR +FOLGA XERAL". Propón que a Rede se sume dado que é o criterio que se ven seguindo e non vemos motivo para mudalo.

- O 1 de Maio volve haber 3 manifestacións distintas. MA acordamos ir con CGT-CUT (saída 12:30 da Praza Pontevedra) tamén por segui-lo mesmo criterio que ata agora. Tamén propoñemos que se sume a Rede para facer mais bulto (aínda que entendemos os compromisos da xente que pertence a diferentes sindicatos). Invitaremos a acudir canda nós como bloque crítico ós colectivos que estiveron o día dos piquetes.

No que se refire á proposta da Ría de reparti-lo comunicado chamando ós sindicatos á unidade e convocándoos para os días 12 e 15 de Maio, propoñemos repartir o 29 na de CCOO-UGT e o día 1 os que vaian con CIG que repartan alí e quen vaia á de CGT-CUT (como mínimo, a nosa asemblea) tamén se encargará de face-lo reparto.

- 12M e 15M: invitar a todos os que nos chaman sempre, a tódolos sindicatos (sinalouse que xente de CCOO pediron que se lles enviase a convocatoria), Coruña en Loita, P. pola mobilidade,AAVV,... a quen se nos ocorra. Remarcarlles que son xornadas sen siglas. Vaise pedir que confirmen asistencia (para saber quen se suma e quen non). Isto vaise consultar coa Rede e con DRY.

Por temas de espacio non poden ir o 12M e 15M no mesmo cartel. Daquela o día 12 repartirase un folleto expresamente para o día 15 (asamblea no obelisco: "Como se vai organiza-la cidadanía fronte ó ataque dos gobernos"/" Como organiza-la defensa da cidadanía fronte os recortes", aínda hai que definir o nome).

Fredi: permisos a maiores. 12M saída ás 17:30 da Praza da Palloza ata María Pita, con algunha parada en Obelisco (posible sentada). Posible concerto ó final en María Pita?DRY pídelles a Rede que leamos parte do seu manifesto en María Pita. Se é moi longo, se valorará non ler o noso (aínda non está feito).

4- Mercado Troco 28, asemblea xoves 3 e boletín.

- X e A recollen as cousas en Agra (chamar por telf). C bota unha man a recoller ó terminar. Propoñemos donar periódicamente as cousas para non acumular. Lembrar que somentes se aceptan cousas en bo estado. Se non se pode controlar, facer unha selección ó recoller.

- Asemblea día 3. Resumo do boletín (conmemoración 15M). C e A para ler, vanlle pedir a F e M un resumo. Posibles títulos: "15M balance dun ano", "15M un ano nas rúas", "15M un ano ocupando as rúas". B se ocupara do 15M estatal e movementos similares internacionais (Occupy). Convocatorias 12M,15M (pódese utiliza-lo manifesto da Rede porque ó mellor non se lee o día 12), ILP da PAH (a cargo de R). Propónse unha festa co gallo do cumpleaños da Asemblea de Monte Alto (en xuño).

5- Asoc de veciños.

Ó parecer, recibiron mails con descalificacións e incluso amenazantes por parte do 15M de Monte Alto. Como non sabemos nada disto, antes de enviar ningunha carta reclamando o uso do local da asociación imos falar con eles para ver qué é iso. R manda un mail para ver se alguén se opón a esta reunión. Se non é así, mañán ás 19:30 se buscará con eles data para esa reunión, aproveitando a asemblea sobre o asunto da tala das árbores do Campo de Marte (nese aspecto, primeiro imos escoitar).

Moitos estarán no concello de Cambre ás 20:00 na concentración polo transporte adaptado.

6- ILPs

Dación en pago: segue a ser un timo pero é mellor que o de agora así que o apoiamos. Presentarase o día 3 na asemblea popular e o día 2 decidiremos calendario de mesas da ILP de sanidade e dación en pago.

7- Varios.

Chamar a atención a SOS SANIDADE coas novas reformas que dificultan o acceso á sanidade pública a inmigrantes e ós maiores de 26 anos que non cotizaran.